

MINISTERIO para la Transformación Digital y Función Pública

Comisión Paritaria do IV CUAGE

28/05/2024

Expedientes de modificación de complementos.

Tal e como denunciamos cando negamos a nosa sinatura ao Acordo de Complementos, a CIG non estamos de acordo con que o a aplicación do novo sistema complementario do IV CUAGE sexa financiado con cargo á destrución de emprego público

Ministerio de Defensa, Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico
Consejo Seguridad Nuclear, INMSERSO

Con carácter xeral, en todos os expedientes sometidos a aprobación, as diferenzas salariais que teñen que retribuír os novos complementos fináncianse coa destrución de postos de traballo; co visto e prace de CCOO, UGT e CSIF

Coherentemente coa nosa defensa da recuperación do emprego público, a CIG non podemos aceptar que os novos complementos, aplicados como consecuencia da modificación do sistema complementario do IV CUAGE que precisamente rexeitamos por este motivo, sexan financiados coa amortización de postos de traballo; por tal motivo votamos NON as propostas sometidas para aprobación das Comisións Paritaria e Negociadora.

Chama a atención o cinismo daqueles representantes sindicais que, a pesares dos seus discursos e manifestacións públicas a favor da creación de emprego público, cando teñen que posicionarse nas mesas de negociación, aceptan acriticamente a amortización de postos de traballo e, en consecuencia, a destrución de emprego público.

Ofertas de Emprego.

As ofertas 2021/2022 serán acumuladas, NADA se sabe da do 2023 e están en proceso de elaboración da 2024.

Quedando menos de un mes para que remate o prazo de publicación da oferta 2021, seguen sen saber QUEN e COMO xestionaran os procesos selectivos de esta oferta acumulada, e tampouco saben en que data se publicaran.

Concurso de Traslados.

A xestión do última publicación do concurso está ralentizada debido a falta de persoal para a súa xestión, polo que non se poderán cumplir os prazos previstos e a Resolución non será efectiva no mes de xuño como estaba previsto.